

NOTA DE PRENSA

BESTEIRO SOSTÉN EN RIBEIRA DE PIQUÍN QUE "A MONTAÑA LUCENSE SÓ PROGRESA DA MAN DE GOBERNOS SOCIALISTAS"

O secretario xeral do PSdeG demanda aos veciños "que se sumen á ola de avances dos socialistas da montaña lucense, é o único xeito de completar os servizos e un xeito de vida digno para a comarca"

Ribeira de Piquín, 16 de maio de 2015. O secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, asegurou hoxe en Ribeira de Piquín que "a montaña lucense só progresa da man de gobernos socialistas".

O líder dos socialistas de Galicia, xunto ao secretario xeral provincial, Juan Carlos González Santín, estivo na Festa da Troita de Ribeira de Piquín xunto á candidatura do PSdeG liderada por Roberto Fernández Pico. "Ribeira de Piquín ten a oportunidade con Roberto de equipararse ao progreso do resto dos concellos da Montaña gobernados por socialistas", manifestou Besteiro.

"Diríalle aos veciños que miren ao seu redor e pensen cal é a única solución para eles, seguen sen un centro de día e sen instalacións básicas en moitas partes do Concello", apuntou o secretario xeral do PsdeG. "Que se sumen á ola de avances dos socialistas da montaña lucense, é o único xeito de completar os servizos e un xeito de vida digno para a comarca", engadiu

Pola súa parte, González Santín afirmou que "dende a executiva provincial poñemos toda a nosa confianza no proxecto que lidera Roberto Fernández Rico, que afronta coa ilusión de gañar e poder traballar por e para os veciños e veciñas de Ribeira de Piquín; sabemos que darán resposta as principais inquiredanzas da cidadanía fronte aos anos de deixadez do goberno actual".

O secretario provincial explicou que "os socialistas serán quen de potenciar a riqueza de recursos que dos que dispón o concello. Neste senso, González Santín destacou a produción derivada da acuicultura. "Fernández Rico poñerá en valor a excelente calidade das troitas criadas no Eo e que permiten que este pobo da montaña lucense sexa capaz de codearse cos municipios costeiros".

"A importancia deste sector vai máis aló do ámbito municipal, xa que precisa doutros bens e servizos producidos noutras ramas da economía para poñer o produto final no mercado, polo que influencia o tecido produtivo a nivel municipal, provincial e galego", engadiu.

Pola súa banda, o candidato socialista afirmou que “queremos poñer fin aos anos de descontrol municipal, aos anos de investimentos sen cabeza; apostamos por unha xestión real e efectiva que evite o despoboamento”.

“Queremos ofrecer os servizos que realmente demanda a cidadanía e crear un proxecto de futuro para Ribeira de Piquín aplicando unha política sinxela na que destaque a igualdade e a responsabilidade”, e engade Fernández Rico, “para iso comprometémonos a actuar con total e absoluta transparencia, facendo público o destino de cada euro dos recursos municipais”.

En canto ao orzamento do concello, o alcaldable tamén indicou que “se elaborarán uns orzamentos participativos, sondeando cada núcleo do concello e verificando as necesidades reais dos ribeiregos e ribeiregas”.

Comunicación PSdeG-PSOE

